

Estadística de familias numerosas 2018

Operación estatística n.º 2102-01-OE05

Estatística de familias numerosas 2018


Operación estadística n.º 2102-01-OE05

Xunta de Galicia

Consellería de Política Social

Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Xeográfica

2019



© Xunta de Galicia. 2019. Estatística de familias numerosas. Operación estatística 2102-01-OE05. 2018

Elaboración:

Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, Subdirección Xeral de Política Familiar, Infancia e Adolescencia, Servizo de Apoio á Familia, á Infancia e á Adolescencia

Revisión:

Pepa Dabán Royo

Maquetación:

Antonio Lameiro Ces

ISSN: 1139-4420

Edición:

Consellería de Política Social, Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

[Uhttps://libraria.xunta.gal/gl/estadistica-de-familias-numerosas-2018](https://libraria.xunta.gal/gl/estadistica-de-familias-numerosas-2018)

Esta obra distribúese cunha licenza CC-Atribución.CompartirIguual 4.0

España de Creative Commons. Para ver unha copia de licenza, visite:

https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.es_ES

Índice

Presentación	5
Metodoloxía	7
Normativa aplicable	9
Requisitos, categorías, persoas beneficiarias e beneficios	11
Datos estatísticos	17
Títulos de familia numerosa expedidos por categorías e provincias	17
Títulos de familia numerosa expedidos segundo a tipoloxía das fillas e dos fillos	18
Títulos de familia numerosa segundo o sector económico da persoa titular	24
Títulos de familia numerosa expedidos segundo a situación laboral da persoa titular	25
Títulos de familia numerosa expedidos segundo o estado civil da persoa titular	26
Títulos de familia numerosa expedidos segundo a idade dos cónxuxes	27
Títulos de familia numerosa expedidos segundo a idade das fillas e dos fillos	28
Títulos de familia numerosa en vigor en 31 de decembro de 2018	29



Presentación

O Programa estatístico anual da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019, aprobado polo Decreto 165/2018, do 27 de decembro, polo que se aproba o Programa estatístico anual da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019 (DOG nº. 248, do 31.12.2018), establece, como unha das operacións estatísticas da Consellería de Política Social, a estatística de familias numerosas que agora lles presentamos.

Nesta publicación recóllense as características básicas das familias numerosas galegas baseándonos na información que achegan as persoas interesadas na solicitude de recoñecemento ou renovación do título que acredita a condición de familia numerosa. Os datos que aquí se presentan corresponden aos expedientes tramitados entre o 1 de xaneiro de 2018 e o 31 de decembro de 2018, tendo como base a nova normativa.

Consellería de Política Social



Metodoloxía

Os datos recollidos nesta estatística extráctanse da información facilitada polas propias persoas interesadas mediante as solicitudes de outorgamento ou renovación dos títulos de familia numerosa.

Estas solicitudes pódense presentar nas xefaturas territoriais da Consellería de Política Social, na Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, nos concellos ou en calquera outra oficina pública.

Así mesmo, na epígrafe de idades dos cónxuxes, o total é superior ao número de títulos xa que se contabilizan as dúas ou os dous cónxuxes e, nunha mesma parella, cada persoa pode estar nun grupo de idade distinto.

Co fin de manter o segredo estatístico e evitar a identificación individual das familias, non se fará distinción por categorías nas estatísticas que se indican a continuación:

- Títulos de familia numerosa expedidos segundo a idade dos cónxuxes.
- Títulos de familia numerosa expedidos segundo o sector económico da persoa titular.
- Títulos de familia numerosa expedidos segundo a situación laboral da persoa titular.
- Títulos de familia numerosa expedidos segundo o estado civil da persoa titular.

Nesta publicación reflíctense os datos elaborados a partir das solicitudes dos títulos (novos ou renovados) de familia numerosa expedidos dende o 1 de xaneiro de 2018 ata o 31 de decembro de 2018.

Esta estatística complétase cos totais de títulos de familias numerosas en vigor o 31 de decembro de 2018. Como títulos en vigor compútanse todos os existentes e que están activados, é dicir, que están renovados, deixando en suspenso os que, por distintas causas, as persoas titulares deixaron que caducasen pero que seguen tendo os requisitos para conservar a condición de familias numerosas.



Normativa aplicable

(Por orde cronolóxica)

- Resolución do 31 de maio de 1984, da Dirección Xeral de Rexistros e Notariado, pola que se regula a expedición do duplicado do libro de familia en supostos de divorcio e separación (BOE do 15.09.1984).
- Decreto 42/2000, do 7 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia (DOG n.º 45, do 06.03.2000).
- Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección das familias numerosas (BOE n.º 277, do 19.11. 2003).
- Lei 52/2003, do 10 de decembro, de disposicións específicas en materia de seguridade social (BOE n.º 296, do 11.12.2003).
- Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social (BOE n.º 313, do 31.12.2003).
- Real decreto 1621/2005, do 30 de decembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas (BOE n.º 15, do 18.01.2006).
- Lei 40/2007, do 4 de decembro, de medidas en materia de seguridade social (BOE n.º. 291, do 5.12.2007).
- Lei 2/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2009 (BOE n.º 309, do 24.12.2008).
- Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia en Galicia (DOG n.º 134 do 13.7.2011).
- Lei 17/2012, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013 (BOE n.º 312, do 28.12.2013).
- Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia (BOE n.º. 180, do 29.06.2015).



Requisitos, categorías, persoas beneficiarias e beneficios

Requisitos

Para o recoñecemento da condición de familia numerosa, a unidade familiar deberá estar formada por unha ou dúas persoas ascendentes e necesítase:

1. Ter 3 ou máis fillas/os, sexan ou non comúns.

Poderán ser só 2 fillas/os nos seguintes casos:

- que un ou unha das fillas ou dos fillos teña recoñecido un grao de discapacidade igual o superior ao 33% ou a condición de incapacitada ou incapacitado para o traballo.
- que as dúas persoas proxenitoras teñan recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33% ou estean incapacitadas para o traballo ou, polo menos, unha delas teña un grao de discapacidade igual ou superior ao 65%.

2. Tamén terán a condición de familia numerosa as formadas por:

- Tres ou máis irmáns orfos de pai e nai ou dous, se unha ou un ten unha discapacidade, maiores de 18 anos que convivan e teñan unha dependencia económica entre si.
- Dúas ou dous ou máis irmáns orfos de pai e nai sometidos a tutela, acollemento ou garda que convivan coa persoa titora, acollidora ou gardadora pero non ás súas expensas.
- Nai ou pai con dúas fillas ou fillos, cando falecese a outra persoa proxenitora.

3. As fillas ou os fillos deberán cumprir as seguintes condicións:

- Ser solteiras ou solteiros.
- Convivir coas persoas ascendentes.
- Ser menor de 21 anos, excepto se ten unha discapacidade. A idade poderá ampliarse ata os 25 anos se cursan estudos axeitados á súa idade e titulación ou encamiñados á obtención dun posto de traballo.
- Dependeren economicamente das persoas ascendentes. Entenderase que mantén a dependencia económica cando:
 - obteña uns ingresos non superiores, en cómputo anual, ao SMI vixente ou contribúa ao sostemento da familia, nos supostos establecidos na lei.
 - estea incapacitada ou incapacitado para o traballo e a contía da súa pensión, de percibila, non exceda, en cómputo anual, ao IPREM vixente, incluídas as 14 pagas, agás que percíbise pensión non contributiva por invalidez, en cuxo caso non opera tal límite.

- a/o filla/o contribúa ao sostemento da familia e exista unha única persoa ascendente, se esta non estea en activo.
- a/o filla/o contribúa ao sostemento da familia e unha ou as dúas persoas ascendentes estean incapacitadas para o traballo, xubiladas ou sexan maiores de 65 anos de idade, sempre que os seus ingresos non sexan superiores, en cómputo anual, ao salario mínimo interprofesional vixente, incluídas as pagas extraordinarias.

4. Todas as persoas membros da unidade familiar deberán ser españolas ou nacionais dun Estado membro da Unión Europea ou dos restantes estados parte no Acordo sobre Espazo Económico Europeo e ter a súa residencia en territorio español ou exercer unha actividade por conta propia ou allea en España, aínda que resida nalgún dos países aludidos anteriormente.

No caso das persoas naturais doutros estados, observarase o establecido na Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, modificada pola Lei orgánica 8/2000, do 22 de decembro, a Lei orgánica 11/2003, do 29 de setembro, e a Lei orgánica 14/2003, do 20 de novembro.

Categorías

As familias numerosas clasifícanse en razón do número de fillos:

Categoría especial:

- as de cinco ou máis fillas/os.
- as de catro, nos seguintes supostos:
 - Se polo menos tres das fillas ou fillos proceden de parto, adopción ou acollemento permanente ou preadoptivo múltiples.
 - Se os seus ingresos anuais, divididos polo número de persoas que compoñen a unidade familiar, non superan en cómputo anual o 75 % do SMI, incluídas as pagas extraordinarias.

Categoría xeral: o resto das unidades familiares.

No caso de que existan fillas ou fillos discapacitados computarase cada unha ou cada un como dous para determinar a categoría na que se clasifica a unidade familiar da que se forma parte.

Persoas beneficiarias

Considérase persoa beneficiaria do título de familia numerosa:

O pai, a nai, ou ambos conxuntamente, cando exista vínculo conxugal e, de ser o caso, a (ou o) cónxuxe dun deles. Tamén a persoa ou persoas que, faltando as persoas anteriores, tivesen ao seu cargo a tutela ou acollemento familiar permanente ou preadoptivo das fillas ou fillos, sempre que estes convivan con ela ou elas e ás súas expensas.

Todas as fillas ou fillos que cumpran os requisitos anteriormente mencionados. Teñen a mesma consideración que as fillas e os fillos as persoas sometidas a tutela ou acollemento familiar permanente ou preadoptivo legalmente constituído.

Beneficios

1. Deducións fiscais.

Imposto sobre a renda das persoas físicas

- Deducións estatais
 - Ata 1.200 euros para a categoría xeral
 - Ata 2.400 euros na categoría especial

Esta contía incrementarase ata 600€ anuais por cada unha das fillas ou fillos que formen parte da familia numerosa que exceda do número de fillas ou fillos esixido para que a dita familia adquira a condición de familia numerosa da categoría xeral ou especial, segundo corresponda.

- Deducións no tramo autonómico
 - 250 euros para a categoría xeral
 - 400 euros para a categoría especial

Cando algunha das persoas que compoñen a familia numerosa, ás que lles sexa aplicable o mínimo persoal e familiar do imposto teña un grao de discapacidade igual ou superior ao 65 %, a dedución será de 500€ ou 800€ respectivamente.

Imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados

- Na modalidade de transmisións patrimoniais onerosas para adquisición da vivenda habitual:
 - Aplicación dun tipo reducido dun 3% fronte ao 7% ou 10% xeral, aplicable na transmisión de inmobles que constitúan a vivenda habitual das persoas adquirintes.
 - Dedución do 100% na cota íntegra do imposto cando a vivenda habitual adquirida se encontre en áreas rurais ou nalgunha das parroquias que teñan a consideración de zonas pouco poboadas.
- Na modalidade de actos xurídicos documentados para adquisición da vivenda habitual:
 - Aplicación dun tipo reducido dun 0,5% fronte ao 1% ou 1,5% xeral, aplicable na transmisión de inmobles que constitúan a vivenda habitual das persoas adquirintes.
 - Dedución do 100% na cota íntegra do imposto cando a vivenda habitual adquirida se atopa en áreas rurais ou nalgunha das parroquias que teñan a consideración de zonas pouco poboadas.

2. Educación

- Reducións das taxas na expedición de títulos e de prezos nas matrículas no ámbito educativo.
- Preferencia na adxudicación de prazas nos centros sostidos con fondos públicos e nas convocatorias de bolsas de axuda ao estudo.
- Incremento do 20 % na categoría xeral e 50 % na especial para beneficiarias ou beneficiarios por infortunio familiar cuberto polo seguro escolar.

- Dereito ao subsidio por necesidades educativas especiais asociadas á discapacidade para o transporte e comedor.
- Preferencia na adxudicación de prazas e redución ou exención, segundo os casos, nas tarifas que tivesen que aboar nas escolas infantís públicas.
- Preferencia na adxudicación de prazas no servizo de educación infantil contratado con escolas infantís para a atención de nenas/os de 0-3 anos de titularidade privada.
- Preferencia na convocatoria de axudas para a atención de nenas e nenos de 0-3 anos en escolas infantís non sostidas con fondos públicos, a través do Bono Concilia.
- Preferencia no acceso ás prazas de residencias xuvenís dependentes da Consellería de Política Social e no acceso a prazas de colaboradoras ou colaboradores bolseiros para as ditas residencias.
- Preferencia no acceso ás prazas de centros residenciais docentes dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e no acceso a prazas de colaboradoras ou colaboradores bolseiros para os ditos centros.
- Preferencia no acceso ás prazas residencia nos centros dependentes da Consellería do Mar, nas modalidades de: residencia en pensión completa, media pensión e xantar diario non regular.

3. Ocio e tempo libre

- Redución dun 30 % sobre o prezo que resulte das estadias nas residencias de tempo libre da Consellería de Política Social.
- Descontos nos prezos relativos ás actividades socioeducativas do programa Acción de verán promovidas pola Consellería de Política Social.
- Descontos nos campamentos para persoas con discapacidade organizados pola Consellería de Política Social.
- Bonificacións no prezo de entrada aos museos, auditorios e teatros de titularidade estatal.
- Preferencia nos programas de turismo e termalismo para persoas con discapacidade ou maiores da Consellería de Política Social.
- Redución do 20 % para a categoría xeral e 50 % para a categoría especial da cota de aboamento dos participantes nas viaxes de turismo e quendas de termalismo para persoas con discapacidade subvencionados polo Instituto de Maiores e Servizos Sociais (IMSERSO).
- Estadias de fin de semana nas estacións de montaña situadas en Galicia, programa Montaña en familia.

4. Vivenda

- Beneficios no acceso á vivenda: tanto para a adquisición como para o alugamento de vivenda recollidos nos plans e programas de vivenda tanto estatais como autonómicos.
- Máis información: Instituto Galego da Vivenda e Solo (981 541 982 y 981 541 981)
- Dedución do 50 % no canon da auga. A dedución na cota por familia numerosa só poderá obterse na vivenda principal. E, de ser o caso, tamén gozarán dunha dedución do 50 % no coeficiente de vertedura.
Máis información: Augas de Galicia (981 957 327)
- Bono social: bonificación na factura eléctrica para persoas consumidoras domésticas que formen parte duna familia numerosa.
Máis información:
<http://www.bonosocial.gob.es/#inicio>
- Axudas urxentes de tipo social: Axudas, de ata 450€ /ano para o pagamento da factura eléctrica ás persoas que formen parte dunha familia numerosa e que sexan recoñecidas como consumidoras vulnerables severas en risco de exclusión social, polo bono social, co fin de asegurar a este colectivo o acceso continuado á subministración de enerxía eléctrica na nosa comunidade.

5. Transporte

- Redución do 50 % no imposto de matriculación dos automóviles con capacidade entre 5 e 9 prazas.
- Redución das tarifas de transporte por estrada (interurbano), ferrocarril, marítimo e aéreo (dependendo da categoría).
- Descontos dun 20% para a categoría xeral e 50% para categoría especial, para aquelas persoas que formen parte dunha familia numerosa e sexan titulares dun contrato individual de tarxeta metropolitana de Galicia (TMG), que soliciten a alta na aplicación social da TMG.
Máis información:
<http://politicassocial.xunta.gal/web/portal/aplicacion-social-do-transporte-metropolitano-de-galicia>

6. Outros beneficios sociais

- Exención das taxas de expedición do DNI e dos pasaportes.
- Redución ou exención das taxas de inscrición nos procesos selectivos ou listas de contratación para persoal da Administración da Xunta de Galicia.
- Bonificación do 45 % nas cotas á Seguridade Social para a contratación dunha persoa coidadora ao servizo da familia, sempre que as dúas persoas proxenitoras ou unha, no caso de ser monoparental, exerzan unha actividade profesional por conta allea ou propia fóra do fogar ou estean incapacitadas para traballar.
- Cando a familia numerosa posúa a categoría especial, non será necesario que ambas as persoas proxenitoras desenvolvan calquera actividade retribuída fóra do fogar.

- Incremento do límite de ingresos para ter dereito ás asignacións económicas da Seguridade Social por prestacións familiares.
- Incremento da duración do subsidio por maternidade non contributivo: as nais traballadoras que non acrediten o período mínimo de cotización necesario para a prestación de maternidade, poderán recibir unha prestación económica por importe do 100% do IPREM durante 42 días, incrementándose en 14 días máis no caso de familias numerosas ou na que con tal motivo acade a dita condición.
- Ampliación do período considerado como cotizado e do de reserva do posto de traballo no caso de excedencia por coidado de fillas ou fillos.
- Aboamento mensual de xeito anticipado das deducións do IRPF por persoa contribuínte que forme parte dunha familia numerosa. No caso das familias de categoría xeral ata 1.200 € e no caso das de categoría especial ata 2.400 €.

7. Carné familiar galego

É unha tarxeta persoal e intransferible á disposición das persoas que compoñen unha familia numerosa coa que obteñen vantaxes ou descontos en diferentes establecementos colaboradores con este programa en Galicia.

Máis información nas seguintes web:


- Portal da Consellería de Política Social
<http://politicasocial.xunta.gal/web/portal/carne-familiar>
- Portal das familias galegas
<http://www.familiasgalegas.org/familias/Controlador/Tramites/infoCarneFamiliarAction.php?id=8>

Datos estadísticos

Títulos de familia numerosa expedidos por categorías e provincias


Títulos por categorías

Categoría xeral	11.149
Categoría especial	1.866
Total	13.015



Títulos por provincias

Categoría	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Totais
Xeral	4.841	879	967	4.462	11.149
Especial	728	121	160	857	1.866
Total	5.569	1.000	1.127	5.319	13.015



Títulos de familia numerosa segundo a tipoloxía das/dos fillas/fillos

Provincia da Coruña			
Títulos novos	N.º de fillas/os segundo a tipoloxía		N.º de títulos
	Persoas con discapacidade	Persoas sen discapacidade	
Categoría xeral	0	1	4
	0	2	111
	0	3	507
	0	4	6
	0	6	2
	1	0	1
	1	1	229
	1	2	1
	2	0	2
Total títulos novos categoría xeral			863
Categoría especial	0	4	17
	0	5	4
	1	2	5
	1	4	1
	2	0	6
Total títulos novos categoría especial			33
Total títulos novos			896

Títulos renovados	N.º de fillas/os segundo a tipoloxía		N.º de títulos
	Persoas con discapacidade	Persoas sen discapacidade	
Categoría xeral	0	1	212
	0	2	686
	0	3	2.173
	0	4	110
	0	6	2
	1	0	137
	1	1	594
	1	2	42
	2	0	24
Total títulos renovados categoría xeral			3.980

Categoría especial	0	1	1
	0	3	1
	0	4	327
	0	5	61
	0	6	14
	0	7	7
	0	8	3
	1	2	150
	1	3	21
	1	4	6
	1	5	4
	2	0	71
	2	1	17
	2	2	4
	2	5	1
	3	0	4
	3	1	2
3	2	1	
Total títulos renovados categoría especial			695
Total títulos renovados			4.675

Total títulos novos	896
Total títulos renovados	4.675
Total provincia da Coruña	5.571

Provincia de Lugo			
Títulos novos	N.º de fillas/os segundo a tipoloxía		N.º de títulos
	Persoas con discapacidade	Persoas sen discapacidade	
Categoría xeral	0	2	26
	0	3	113
	0	4	8
	1	1	37
	2	0	1
Total títulos novos categoría xeral			185
Categoría especial	0	4	1
	2	0	2
	2	1	1
Total títulos novos categoría especial			4

Total títulos novos		189
----------------------------	--	------------

Títulos renovados	N.º de fillas/os segundo a tipoloxía		N.º de títulos
	Persoas con discapacidade	Persoas sen discapacidade	
Categoría xeral	0	1	42
	0	2	141
	0	3	339
	0	4	31
	1	0	7
	1	1	103
	1	2	18
	2	0	13

Total títulos renovados categoría xeral 694

Categoría especial	0	2	1
	0	3	1
	0	4	47
	0	5	19
	0	6	5
	0	7	2
	1	2	20
	1	3	5
	1	4	1
	1	5	1
	2	0	6
	2	1	3
	2	2	2
	3	0	1
	3	1	2
	5	0	1

Total títulos renovados categoría especial 117

Total títulos renovados		811
--------------------------------	--	------------

Total títulos novos	189
Total títulos renovados	811
Total provincia de Lugo	1.000

Provincia de Ourense			
Títulos novos	N.º de fillas/os segundo a tipoloxía		N.º de títulos
	Persoas con discapacidade	Persoas sen discapacidade	
Categoría xeral	0	1	1
	0	2	36
	0	3	94
	1	1	47
	1	2	1
Total títulos novos categoría xeral			179
Categoría especial	0	4	4
	0	5	1
	2	0	3
Total títulos novos categoría especial			8
Total títulos novos			187

Títulos renovados	N.º de fillas/os segundo a tipoloxía		N.º de títulos
	Persoas con discapacidade	Persoas sen discapacidade	
Categoría xeral	0	1	41
	0	2	150
	0	3	373
	0	4	17
	1	0	29
	1	1	163
	1	2	12
	2	0	3
Total títulos renovados categoría xeral			788

Categoría especial	0	2	2
	0	3	2
	0	4	56
	0	5	9
	0	6	2
	0	7	2
	1	0	1
	1	2	43
	1	3	2
	1	5	1
	2	0	27
	2	1	3
	2	2	1
	3	0	1
Total títulos renovados categoría especial			152
Total títulos renovados			940

Total títulos novos	187
Total títulos renovados	940
Total provincia de Ourense	1.127

Provincia de Pontevedra			
Títulos novos	N.º de fillas/os segundo a tipoloxía		N.º de títulos
	Persoas con discapacidade	Persoas sen discapacidade	
Categoría xeral	0	2	120
	0	3	382
	0	4	2
	1	1	212
	1	2	5
	2	0	1
Total títulos novos categoría xeral			722
Categoría especial	0	4	13
	0	5	2
	1	2	3
	1	3	1
	2	0	8
	2	1	2
Total títulos novos categoría especial			29


Total títulos novos

751

Títulos renovados	N.º de fillas/os segundo a tipoloxía		N.º de títulos
	Persoas con discapacidade	Persoas sen discapacidade	
Categoría xeral	0	1	171
	0	2	649
	0	3	1.892
	0	4	86
	1	0	119
	1	1	750
	1	2	48
	2	0	25
Total títulos renovados categoría xeral			3.740
Categoría especial	0	2	2
	0	3	3
	0	4	312
	0	5	55
	0	6	13
	0	7	6
	1	0	1
	1	1	1
	1	2	225
	1	3	29
	1	4	2
	1	7	1
	2	0	137
	2	1	28
	2	2	5
	3	0	6
3	1	1	
4	0	1	
Total títulos renovados categoría especial			828
Total títulos renovados			4.568
Total títulos novos		751	
Total títulos renovados		4.568	
Total provincia de Pontevedra		5.319	


Títulos de familia numerosa segundo o sector económico da persoa titular

Sector económico		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Agricultura e pesca	Categoría xeral	173	48	21	177	419
	Categoría especial	38	8	9	29	84
Industria	Categoría xeral	293	54	31	247	625
	Categoría especial	23	10	1	36	70
Construción	Categoría xeral	188	25	38	139	390
	Categoría especial	35	10	10	28	83
Servizos	Categoría xeral	3.160	508	597	2.283	6.548
	Categoría especial	386	37	65	328	816
Non constan	Categoría xeral	547	181	153	1.010	1.891
	Categoría especial	96	30	38	208	372
Non act. laboral	Categoría xeral	480	63	127	606	1.276
	Categoría especial	150	26	37	228	441
Total		5.569	1.000	1.127	5.319	13.015




Títulos de familia numerosa expedidos segundo a situación laboral da persoa titular

Situación laboral		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Totais
Activa	Categoría xeral	3.479	663	730	3.232	8.104
	Categoría especial	387	61	97	433	978
Desempregada	Categoría Xeral	650	122	129	607	1.508
	Categoría especial	158	30	35	219	442
Incapacidade laboral	Categoría xeral	93	13	8	70	184
	Categoría especial	10	4	2	11	27
Non act. laboral	Categoría xeral	523	60	74	491	1.148
	Categoría especial	147	22	21	163	353
Xubilada	Categoría xeral	96	21	26	62	205
	Categoría especial	26	4	5	31	66
Total		5.569	1.000	1.127	5.319	13.015




Títulos de familia numerosa expedidos segundo o estado civil da persoa titular

Estado civil		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Totais
Casada	Categoría xeral	3.450	588	718	3.263	8.019
	Categoría especial	494	78	113	571	1.256
Divorciada	Categoría xeral	549	89	84	452	1.174
	Categoría especial	103	10	23	111	247
Separada	Categoría xeral	74	10	29	105	218
	Categoría especial	13	7	5	34	59
Solteira	Categoría xeral	400	95	49	311	855
	Categoría especial	89	20	11	102	222
Viúva	Categoría xeral	368	97	87	331	883
	Categoría especial	29	6	8	39	82
Total		5.569	1.000	1.127	5.319	13.015



Títulos de familia numerosa expedidos segundo a idade dos cónxuxes

		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Totais
Familias numerosas nas que, cando menos, un dos cónxuxes é menor de 20 anos	Categoría xeral	8	2	2	2	14
	Categoría especial	1	2			3
Familias numerosas nas que, cando menos, un dos cónxuxes ten entre 21 e 30 anos	Categoría xeral	125	40	41	126	332
	Categoría especial	38	9	14	29	90
Familias numerosas nas que, cando menos, un dos cónxuxes ten entre 31 e 45 anos	Categoría xeral	2.443	421	442	2.156	5.462
	Categoría especial	471	86	105	565	1.227
Familias numerosas nas que, cando menos, un dos cónxuxes ten máis de 45 anos	Categoría xeral	2.978	544	637	2.855	7.014
	Categoría especial	349	56	76	438	919
Total		6.413	1.160	1.317	6.171	15.061



Títulos de familia numerosa expedidos segundo a idade das fillas ou fillos

Títulos con tres ou máis fillas/os menores de 10 anos

N.º de fillos/as		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Totais
Categoría xeral	3	441	94	62	288	885
	4	11	1	1	8	21
Total categoría xeral		452	95	63	296	906
Categoría especial	3	78	16	12	69	175
	4	47	7	10	30	94
	5	8		3	5	16
	6				1	1
	7	1				1
Total categoría especial		134	23	25	105	287
Total		586	118	88	401	1.193

Títulos con tres ou máis fillas/os entre 10 e 25 anos

N.º de fillos/as		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Totais
Categoría xeral	3	872	171	178	750	1.971
	4	41	14	6	38	99
Total categoría xeral		913	185	184	788	2.070
Categoría especial	3	187	25	43	197	452
	4	77	19	9	88	193
	5	15	8		14	37
	6	7	1		2	10
	7	3		1	2	6
	8	1				1
Total categoría especial		290	53	53	303	699
Total		1.203	238	237	1.091	2.769

Títulos de familia numerosa en vigor en 31.12.2018

Títulos por provincias

Categoría	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Totais
Xeral	9.484	2.072	1.986	9.041	22.583
Especial	872	188	246	962	2.268
Total	10.356	2.260	2.232	10.003	24.851

